

O trasmundo de Antioquía

Rafael Laso Lorenzo

Edición a cargo de Francisco Villegas

O trasmundo de Antioquía

Rafael Laso Lorenzo

Primeira edición, maio 2009

© do autor: Rafael Laso Lorenzo

Maquetación: Natalia Susavila Moares

© da edición:

Edicións do Cumio, S. A.

A Ramalleira, 5 - 36140 Vilaboa (Pontevedra)

Tel. 986 679 035

cumio@cumio.com / www.cumio.com

© Reservados todos os dereitos.

De conformidade co disposto na lexislación vixente, o contido desta obra está protexido pola lei. Está prohibida a reprodución ou plaxio, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, fixada en calquera tipo de soporte, sen a preceptiva autorización por escrito.

ISBN: 978-84-8289-320-4

Depósito legal: VG 466-2009

Impresión: Imagraf

Impreso en España

El que busca la verdad corre el riesgo de encontrarla.

Manuel Vicent.

Cre naqueles que buscan a verdade, dubida dos que a atoparon.

André Gide.

É tan arriscado crelo todo como non crer nada.

Denis Diderot.

«Na Galicia, outra das varias fisterras, estaba a cidade de Antioquía, cidade peregrina que xa viña das illas do norde fuxindo dos seus enemigos, cobizada de tiranos e monarcas, e que, cansa de tanto fuxir, ficou ó cabo asolagada baixo das augas da lagoa de Antela. Denantes de se rendir seica chamou desesperada polos exércitos do rei Artur da Bretaña: que viñeran axudala. E aínda andan alí os exércitos, nubes de cínifes que habitan as chairas da Limia, agardando (tamén eles) a volta miragreira do seu monarca encantado!

Foi un caso terrible e que acadou moita sona. Cando baixaba o nivel das augas sentíase o badalar das campás afundidas; mesmo se podían albiscar ás veces os tellados e campanarios, que eran de ouro. E foi tal a saña e a destrucción que hastra a lagoa desecaron, para que nunca máis a chamada misteriosa das campás de Antioquía se poidese sentir. Hoxe son toneladas de carbón baixo da terra, que algún día irán apañalo os depredadores».

Víctor F. Freixanes, *O triángulo inscrito na circunferencia.*

Índice

Onde empeza todo	15
A carta do testamento	19
A casualidade de atopar un mapa.....	23
Décimo Xunio Bruto.....	29
O autor do mapa	33
Tirando dos primeiros fíos	37
Unha carta de don Gaspar Melchor de Jovellanos.....	41
Na procura de máis mapas	47
As primeiras cuartillas.....	51
A historia da vella baixo a Ponte das Poldras.....	53
Don Sancho Díaz e os dous cínifes.....	61
Agardando polo Guiador.....	67
A chaira dende o alto da Torre de Sandiás	71
Na Sala da Grande Bóveda.....	77
Empezamos a viaxe	81
O camposanto de Beón	85
A Ara da Espada	91
O camiño para a Fraga das Ánimas.....	97
O Labirinto de Antíloco.....	101
Vendo a Fraga das Ánimas	107
Os cabaleiros da praza redonda	109
Na propia Fraga.....	111
A Estadea do Lethes	119
Ás portas da cidade	129

A Sala da Esperanza.....	133
As campás de Antioquía.....	141
As torres e os campanarios.....	145
A Sala das Campás.....	151
O Paseo dos Miliarios.....	161
O encontro co Gran Garda.....	165
A Sala do Trono.....	175
A Sala do Tempo Nulo.....	179
O reencontro con don Sancho.....	181
A ánima guiadora.....	189
O Pozo do Retorno e a despedida de don Sancho.....	197
A volta ó fogar.....	201
O que eu penso.....	205
Bibliografía e fontes consultadas.....	213

A meus pais

ONDE EMPEZA TODO

Fun compoñendo esta historia por mor dun feixe de casualidades ensarilladas unha tras doutra: a primeira, un mural existente nunha pequena taberna portuguesa de Ponte de Lima; a segunda, unha vella carta nun sobre pechado e lacrado que me deixou en herdanza o meu avó paterno e que, seguindo as instrucións deixadas nun testamento, recibín cando acadei os dezaoto anos de idade; e a terceira, un anaco dun mapa do antigo reino de Galicia no que aínda se reflectían as sete provincias.

A primeira casualidade tiña moito que ver coa miña querenza polo café portugués, quizais como unha mostra da ascendencia lusa dos meus antergos, concretamente da nai do meu avó, portuguesa dunha aldea da zona de Régua; querenza que nos levaba á miña dona e a min a achegarnos case que relixiosamente nas fins de semana ata calquera das vilas da outra banda de Tui. Foi nunha desas escapadas que decidimos ir ata Ponte de Lima, pois durante moito tempo tiveron a idea de coñecer onde o río aquel (que tanto representou para min nos primeiros anos da miña vida) remataba por deitar as súas augas no océano Atlántico. Lembraba claramente a don Paco e a dona Beatriz, os mestres dos meus primeiros cursos, que nos ensinaban unha cantiga común que todos os rapaces tiñamos a obriga de aprender e que hoxe aínda lembro: «España limita al Norte con el mar Cantábrico y los montes Pirineos que la separan de Francia; al Sur con el estrecho de Gibraltar y África; al Este con el mar Mediterráneo y al Oeste con el océano Atlántico». Nos meus oídos de agora resoa aínda a música coa que se acompañaba esta ladaíña. Don Paco, home bo onde os houbese (un santo cheo

de paciencia, cantas trasnadas lle faciamos nós, cativos merdeiros de seis anos) remataba iso coa aclaración de que o río Limia, que atravesaba a vila de parte a parte, remataba por morrer nese océano, o Atlántico. Co tempo, souben que era en Ponte de Lima, vila portuguesa irmá da miña por mor do río.

Percorremos pouco a pouco todos os recunchos da mesma, contemplamos a vella fonte da Praza Maior (que a min me trouxo fortes lembranzas da Praza Maior de Xinzo, co Espolón e coa fonte en forma de estrela, hoxe desaparecida, que moitas fontes morreron cando nas vilas se instaloron as traídas municipais de auga) e tamén os sinais na torre, onde se marcaba o nivel da auga nas derradeiras cheas sufridas no 22 do Nadal de 1909 e no 15 de outubro de 1987. Pensei no restaurante situado xusto alí e chamado «A Casa das Cheias», nome certamente axeitado. Así, rematamos por gañarnos un merecido café e foi naquela taberna onde me chantei abraiado perante aquel mural coa *Legio* de Décimo Xunio Bruto. Non sei por cal estraña razón esa imaxe ficou gravada na miña memoria.

As outras dúas casualidades viñeron a través do meu avó. Unha directamente, polo testamento. E a do mapa, nun libro antigo que o meu avó lle regalara ó meu pai.

Todas esas cousas, ligadas por un algo invisible e inapreciable, leváronme á realización de fondas investigacións e mergulláronme nun mundo que eu non contaba que existise. Realmente esa é a dúbida, se existe, e eu, ó longo destes anos, non fixen máis que un papel secundario algo semellante ó do profesor Otto Lidenbrock na súa viaxe ó centro da terra de mans de Jules Verne.

As investigacións estiveron sen comezar durante moito tempo. Quizais por medo, eu non daba tomado a decisión de rachar o lacre que pechaba a carta do meu avó: nunca atopaba a forza necesaria, había un aquel de temor que turraba de min e libraba o selo de ser aberto. Pero un día decidín abri-lo sen unha razón especial, agás cumprir a vontade implícita do meu avó, que supoño se molestaría en escribir aquela extensa carta e as follas que a acompañaban por mor dunha intención longamente cavilada. Así que considerei que a razón de meu avó era máis forte que o meu medo a atoparme con calquera cousa descoñecida. Foi consecuencia de ler aquel escrito (a carta e o feixe de follas que a acompañaban, que hoxe gardo como un

tesouro) cando lembrei o mural da taberna portuguesa de Ponte de Lima visto anos atrás. E foi unha desas casualidades ás que a mente nos conduce e leva contra da nosa vontade, a que me fixo sentarme diante do computador para, atravesado o meu maxín por un lóstrego fuxidío, teclear a palabra «Lethes» cunha esperanza incerta de atopar co Google non sei ben o que na fondura da Rede. A máquina foi rápida. Moi rápida. E non puideron máis que picar na primeira opción que aparecía: era unha breve pero intensa reseña arredor da lenda do río Limia (Lima, que a páxina era en portugués) tirada dun libro do Conde de Bertiandos: o *Lendas* do ano 1898. Talvez isto non era máis que outra casualidade, que unha nova coincidencia. Este libro fora publicado cando nacía o meu outro avó. Por que? Por que os meus avós semellaban encamiñarme cara a algures, cara a un sitio que eu descoñecía? As casualidades existen e as causalidades tamén. Pero o relato non estaba só, non era un sinxelo texto colgado en internet, non. Viña ilustrado, moi ben ilustrado, cunha estupenda reprodución dun tapiz de Almada Negreiros que representaba o paso do río Lethes por Décimo Xunio Bruto. Tempo despois puideron comprobar que este tapiz era o orixinal de onde se tirara a copia do mural pintado na pequena taberna de Ponte de Lima.

Cando un é aguilloado pola curiosidade, entón xa non ten volta atrás. Indaguei, preguntei, consultei, naveguei por ese mar sen fondo da rede informática comunicadora. Ata que acadei o premio: Viana do Castelo, alí estaba o tapiz orixinal. E podía verse con toda a tranquilidade. Non o dubidei e provisto de cámara de fotos achegueime ata alí, ata o Hotel de Santa Luzia.

Deixáronme fotografalo sen descanso. E anotei aquel texto que transcribo aquí e que viña ser a única diferenza apreciable co mural da taberna:

«(...) Comandadas por Décios Junos Brutos, as hostes romanas atingiram a margem esquerda do Lima no ano 135 aC. A beleza do lugar as fez julgarem-se perante o lendário rio Lethes, que apagava todas as lembranças da memória de quem o atravessasse, os soldados negaram-se a atravessá-lo. Então, empunhando o estandarte das águias de Roma o comandante chamou da outra margem a cada soldado pelo seu nome. Assim lhes provou não ser esse o rio do esquecimento. (...)»

Gardo aínda o anaco de papel onde escribín o texto copiado e varias das fotos tiradas naquel día. Mesmo dende unha delas, a faciana de Décimo Xunio Bruto semella sorrirme coma se me coñecese.

Así que agora tento sinxelamente honrar a memoria do meu avó, poñendo un pouco de orde no legado que me deixou e de facer que a historia dese mundo atopado por casualidade vexa a luz e non remate mergullado nas tebras do esquecemento. Queda todo para cada un, non sei se a verdade está aquí fóra ou alá dentro. En calquera caso posiblemente sexa certo aquilo que dixo alguén de «hai outros mundos, pero seica todos están neste».

A CARTA DO TESTAMENTO

Transcrición da carta recibida en herdanza do meu avó.
«Xinzo de Limia. Nadal do ano 1974.

Querido neto:

Téñoche contado historias e contos que non sei se crerías ou non. Por dúas simples razóns: unha pola túa pouca idade e outra porque como sempre se di, por ser un bo zapateiro son un bo mentireiro. Esta é unha sona que nos acompaña a todos, pregúntalle tamén ó teu tío, que herdou de min as coitelas, as tenazas e as subelas. Coido que con el, coma con todos deste oficio, tamén se mantén a tradición.

Debes saber que fun home de poucas letras, pero que ben mirado iso foi un beneficio. Sei ler e tamén escribir. Sei as catro regras. E sei o meu oficio. Abondoume sempre con iso. Fun botando adiante a familia coa axuda da túa avoa, unha santiña, que cando isto escribo non sabe que estou xa no camiño final, no derradeiro paseo cara a morte. Conteiche unha vez daquel outro paseo, frustrado por ela, que lle botou moito valor, máis do que eu tiña, e que me librou da morte segura. Conteiche outras historias, andainas e contos. É normal, non sabes a ledicia que tiven cando teus pais te trouxeron onda min e te collín nos meus brazos, recién vido a este mundo, branquiño, gordecho e repoludo. En fin, non me fagas caso ningún porque son babexos dun avó co seu primeiro neto. E por riba diso, chamáronte coma min. Ai, eses toleiras de teus pais, tan novos! Pero mira, seica lles foi ben, que as cousas nunca se sabe cando é a hora de facelas.

Levo tempo escribindo estas cuartillas, estes papeis que acompañarán esta carta e que deberán ser gardadas ata que na túa maioría

de idade debas recibilas de mans do teu pai. Como cando eu morra el estará fóra, nese país afastado dende o que manda cartos e cartas, quedará todo arraxado para que llo dean a el por min, xa que eu non poderei facelo persoalmente. Agora mesmo sinto a dor que me come por dentro, que me rilla ata non poder máis, a mesma dor que seguramente sentía aquel que me quixo levar no paseo e non puido, que vai ser que me traspasou o mal del como se fose unha vinganza con trinta e catro anos de retraso. Pero esa mesma dor faime seguir escribindo. Tirarei forzas de onde sexa para contarche a historia que non quixen contarche en vida por temor a que non me creses, non ías facelo, seino, tan pequeno; se cadra pensarías que era unha toleira máis do teu avó. Pero xúroche que todo iso existe, que todo o que poño por escrito acontece de verdade, que houbo xentes de letras que viaxaron a carón de min e que deixaron testemuños escritos do asunto a xeito de mapa. Non se diferencian dos normais, porque ninguén estamparía un mapa con cousas que non se poden ver, polo menos da nosa banda da terra. Sei que es moi esperto, para os teus poucos anos, seino; por iso, cando teñas máis, serás capaz de levar esta historia a bo remate. Non hai premio, non hai eses tesouros dos que fala a xente nas lendas. Só un mundo mergullado, arrepiante ás veces, fermoso outras, cheo de persoeiros antigos, pasados, que mesturados todos nun tempo paralelo ó noso fan que a razón do que a xente conta sobre eles, sexa certa e verdadeira. Eu atopeino por casualidade e andei por alá tres días. As cousas principian cunha desaparición, sempre, pero no meu caso foi unha casualidade, talvez unha sorte, porque eu estaba destinado a iso. Cóntoche todo, non quero que acredites niso, na certeza ou na realidade, na veracidade do contado, se ti non queres. Pero póñoche os medios para comprobalo. Xa che digo: hai feitos verídicos que dan fe do que che conto neses papeis. Sei que a miña escritura non é moi boa pero enténdese ben. Non sei se chegas a imaxinar do que che falo: o trasmundo, non da morte, senón dun trasmundo real ou imaxinario que acontece baixo dos nosos pés, agochado, mergullado baixo das augas e vixiado dende as catro torres, ou tres e pouco dunha que fica xa derrubada. Atópaas, podes ollalas por riba da chaira, por debaixo están enteiras. Tes tempo, non sei canto, pero telo. Mentres non caian, mentres a saña do home non remate por botalas embaixo a todas. Daquela o

trasmundo do Lethes, a Antioquía asolagada que hoxe existe, desaparecerá para sempre, porque o xugo que a xongue con esta parte nosa, o pasadizo soterrado que leva ata ela, dende unha das torres ata a outra, ficará para sempre inatopable. A lenda di que está cheo de tesouros, que o que o atopa debe mantelo en segredo. O primeiro non é certo: non hai tesouros, o único tesouro é ver o que non se pode ver. Eu quero manter o segredo, porque son home de honra e de palabra. Non é que queira o tesouro prometido a todos aqueles que atopan o camiño e o gardan: ser habitante da Antioquía asolagada cando deixes o mundo terreo. Preferiría renunciar a esa vida e que as miñas cinzas, pois xa sinto preto de min o bafo da morte que me chama, puidesen mesturarse coas da túa avoa cando a ela lle chegue tamén a súa hora. E quizais no trasmundo de Antioquía isto non sería posible, non podería tela á miña beira, xa que segundo as normas ela non atopou o camiño. Pero aínda así, contareiche a historia, xa que atopar a entrada será cousa túa. E con todo, xa non teño nada máis que dicirche. Ou si, pois talvez hoxe sexa o teu dezaioito aniversario. Así que felicidades e unha forte aperta do teu avó».

A CASUALIDADE DE ATOPAR UN MAPA

E logo estivo o asunto do mapa. Primeiramente era só un anaco de mapa, pequeno, aproximadamente de trinta por vinte centímetros. Estaba no libro de estudar meu pai cando este aínda era un neno. A historia do libro non vén ó caso. Pero si que veñen os meus degoiros de ter ese libro, vello, antigo, no que se falaba de todo: matemáticas, gramática, relixión, ciencias naturais e xeografía. Degoiros que me viñan dende neno, porque non alcanzaba a comprender como eu tiña tantos libros para estudar, cada un da súa cousa, e naquel libro estaba todo xunto. Por iso enchinme de ledicia o día aquel en que a miña nai tivo a idea de regalarme o libro. Cando cheguei a casa con el, pouseino enriba da mesa do despacho e sentei na cadeira para contemplalo como se fose un tesouro. Estaba vello, moi vello. Por iso ocorrúseme tirarlle aquela cartolina escura que lle cubría as tapas, para ver se era posible adecentalo un pouco. Quedaron ó descuberto aquelas: unha cosida cunha tanza de liñol empecerado, obra do meu avó (sen dúbida algunha, pola súa profesión de zapateiro), e a outra completamente solta, só suxeita por aquel forro. Foi ó separar esta tapa solta, cando descubrín que a cartolina que forraba as tapas era unha reprodución dun mapa antigo, que representaba o reino de Galicia coas sete provincias. Despregueino todo e comprobei que faltaba polo menos a metade do mapa, a zona que se correspondería coas actuais provincias de Ourense e Pontevedra. Descoñezo se ese forro fabricado co mapa fora feito polo meu avó ou polo meu pai. Non fun quen de aturar a curiosidade que me embargaba e chamei a este por teléfono. Pregunteille polo asunto, pero dixo que dende que o avó lle dera o libro el lembrábo sempre así, que non lembraba terlle posto

el o forro de cartolina e dende logo que nunca se lle dera por ver que era a cartolina, polo tanto descoñecía que fose un mapa.

Foi daquela que estaba un punto abraiado e tamén ateigado por unha fonda angustia sen unha razón aparente. E lembrei novamente o profesor Otto, as runas e o escrito do Arne Saknussemm da novela de Verne.

O bo que tiña o mapa era que non me resultaría complicado atopar a parte de abaixo, se é que se podía conservar nalgures o mapa orixinal ou unha reprodución.

Sei que resultará abondo difícil de crer, pero seis meses despois escribo isto diante dunha reprodución dese mapa, completa, enteira. Non a busquei, atopeina sen querer por casualidade e curiosidade. Nun armario. Si señor, nun armario da casa onde vivo hoxe, mercada hai só uns meses. Quedáronlle alí ó anterior propietario, e digo quedáronlle porque eran dúas, dúas láminas repetidas co mapa, co mesmo mapa do que eu xa vira un anaco. Seica non lle debían valer para nada e deixounas alí, dentro do armario, enroladas dentro dun tubo de cartón. Non preciso dicir a inqueda e o nerviosismo que me comeu o corpo cando as vin, ó despregalas enriba da mesa. Contrastei o anaco da cartolina coa lámina enteira que tiña agora: non había dúbida algunha, eran coincidentes.

Levado por unha razón que aniña no fondo de min, que non sei de onde vén, e que sempre me fai procurar a situación da vila na que nacín en calquera mapa ou libro que se pon ó meu alcance, desta vez non foi distinto: busquei o punto que sinalase a vila de Xinzo de Limia.

Calquera que manexe un mapa antigo, saberá que a grafía dos nomes non adoita corresponderse sempre coa actual, así que percorrín o curso do río Limia, sinxelo de atopar, ata acadar o meu obxectivo. E alí atopei escrito «Jinzo», tal cal. Estiven alí, co dedo pousado durante un intre, pensando as razóns desa grafía tan distinta. Cousas da época, supuxen. E foi entón cando aconteceu, cando os meus ollos se fixaron, incrédulos, un chisquiño máis a dereita da punta do meu dedo no mapa. Quedei paralizado por completo, abraiado, posuído por un non sei que sentimento de ser mentira a realidade coñecida ata aquela. Alí, á beiriña do «Jinzo» estaba outro «Ginzo» (ou «Ginza», que non se apreciaba claramente).

Había dous e pregunteime que quería dicir iso. As ideas burbulaban na miña cabeza como se fosen o caldo nun pote. De seguido fun ó recadro debuxado primorosamente onde se atopaban os datos do autor e descrições do mapa. Para procurar noutro intre máis información sobre el, collín unhas follas de papel e axudándome da lupa de aumentos que usaba coa miña colección filatélica fun lendo os textos e, ó mesmo tempo, escribindo todo.

«Mapa geográfico del Reyno de Galicia: contiene las provincias de Santiago, Coruña, Betanzos, Lugo, Mondoñedo, Orense y Tuy. Dedicado al Excelentísimo Señor don Joseph Moñino Conde de Florida-Blanca, Caballero Gran Cruz de la Real Orden de Carlos III, Consejero de Estado de S.M., su Primer Secretario de Estado y del Despacho, Superintendente General de Correos terrestres y marítimos de las Postas y Renta de Estafetas en España y las Indias y de los Caminos de España, Encargado interinamente de la Secretaria de Estado y del Despacho de Gracia y Justicia y de la Superintendencia de los Pósitos del Reyno. Por don Tomás López, Geógrafo de los Dominios de S.M. de las Reales Academias de la Historia, de San Fernando, de la de Buenas Letras de Sevilla y de la Sociedad Bascongada. Madrid año de 1784.»

Por aclaracións que non fose, madía leva. Pero xa tiña unha fonte a consultar, a de don Tomás López, xeógrafo da S.M. Pero daquela quixen seguir escribindo o indicado no ángulo superior dereito do mapa por se podía serme de axuda.

«Razón breve de los que subministraron documentos para la composición de este mapa: advirtiendo que no se ponen todos por no haber bastante capacidad en este hueco y se reserva esta noticia completa, para el prólogo del Atlas general en concluyéndose:

El Excmo. Señor Conde de Florida-Blanca, declarado Protector de las Ciencias y las Artes, promovió la ejecución de este mapa, subministrando tres planos generales de la dirección del nuevo camino real de Galicia proyectado: el primero desde Astorga hasta Villafranca del Bierzo, el segundo desde Villafranca á Lugo y el tercero desde Lugo a la Coruña; sirvieron mucho por ser topográficos y exactamente levantados. También confió este Señor un gran mapa manuscrito del Reyno de Galicia, formado según buenas noticias y operaciones matemáticas, en el año de 1763 por D. Feliciano Míguez y Pereira.

El Excmo. Señor don Miguel de Muzquiz, Conde de Gausa, Secretario de Estado y del Despacho de Hacienda, promotor de las artes y adelantamientos

de los aplicados, dió hace tiempo un mapa geográfico manuscrito del Reyno de Galicia hecho de orden del Intendente general de aquel Reyno Don Julian Robion en el año de 1763, que aprovechó mucho al nuestro.

El Señor Don Gaspar de Jovellanos, del Consejo Real de las Ordenes, comunicó un itinerario que atraviesa este Reyno, formado en uno de sus viages; y también facilitó una excelente Carta de las Costas de Galicia, nuevamente enmendada en la Coruña por D. Joseph Garrido, primer piloto de la Real Armada.»

Nin co maxín máis quenturento sería capaz eu de imaxinar a historia que me estaban contando naquel mapa. Sabía pola miña afección a ler libros de Historia, da viaxe do político e escritor Gaspar Melchor de Jovellanos e da súa estadía en Galicia, concretamente en Muros. Agora ben, non podía acreditar na existencia dun itinerario feito por el, que tería que atopar por forza, aínda que fose perdido nunha biblioteca. Non podía deixar os cabos soltos daquel adival roto. Tiña que saber como se xuntaban e por que. Xa o buscaría, mais o texto do mapa continuaba...

«Sirvieron mucho y tuvieronse presentes varios planos manuscritos de algunos Puertos de este Reyno, que franqueó Don Pedro Varela y Ulloa, Oficial de la Secretaría de Estado y del Despacho Universal de Marina, de la Real Academia de la Historia; lo mismo debo al zelo del Capitán Don Gerónimo Franco, Director de Pilotos de la Escuela del Ferrol. El Coronel de Ingenieros Don Agustín de Herrera dió un itinerario con un plano respectivo, de una parte de este Reyno, que hizo en uno de sus viages. Ayudaron bastante los planos particulares de diferentes Puertos...»

Aquí o texto perdíase en enumerar planos e fontes dos mesmos que abranguían zonas costeiras que no que a min respecta, non me tiñan interese ningún. Descansei un intre do longo esforzo a que me obrigaba a lectura coa lupa e ó mesmo tempo a escrita do texto. Seguro que mañá tería maniotas no pescozo, por mor da postura da lectura, pero tanto me tiña. Volvín ó texto noutro punto que me interesou.

«Para la mayor perfección de este, remitió desde la Coruña D. Joseph Cornide uno general de Galicia, dispuesto por si propio. Tuvóse presente el mapa sucinto de este Reyno, que estampó el P. Ojea, Dominicó, el que solo se encuentra en los Atlas estrangeros.»

Novamente voltei a saltar uns anacos de texto referidos a Santiago, Tui e Lugo e continúei.

«El mismo D. Joseph Cornide delineó el mapa de la Diócesis de Orense y de la de Mondoñedo, que se hallan impresos en la España Sagrada y fueron de mucha utilidad. El Abad de San Juan de Calo, D. Joseph Antonio Rodríguez de Ulloa embió una lista de los Arciprestazgos y Parroquias del Arzobispado. Distinguiéronse en esta Diócesis remitiendo mapas y planos, D. Antonio Loriga España, Cura de Pereira; D. Manuel Antonio Ggunde y Llamas, D. Joseph Benito Novio, D. Tomás Gil Gutiérrez, D. Alonso Antonio Lopez Acevedo, D. Marcos de Cabo y Cruces. Igualmente se esmeraron en el Obispado de Tuy con sus mapas y planos D. Alonso Nuñez García Sotomayor y D. Joseph Carlos Santos de Parga. D. Joseph Martinez Moreno, Abad de Sabuiguido, remitió un excelente mapa de sus cercanías; lo mismo de las de Puente deva su Abad D. Francisco Xavier Rodríguez Vaamonde; de las de Orense, D. Francisco Camino, Administrador de aquel correo; de Montederramo su Abad Fr. Manuel Herraéz y de O Rios su Abad D. Manuel Rivero Rodríguez; y otros muchos que aquí no se expresan por lo dicho al principio.

Dividen este Reyno en siete Provincias que son Santiago, Coruña, Betanzos, Lugo, Mondoñedo, Orense y Tuy. Se puede decir que este mapa es el primero impreso de Galicia, que sale a luz con alguna recomendación, porque el del P. Ojea es tan diminuto, que de su lectura solo sacamos una instrucción muy limitada. El de Mr. de Fer y otros estrangeros son un montón de desatinos. El número de Pueblos de este Reyno es tan grande, que no sería posible escribirlos con claridad, en diez y seis pliegos iguales cada uno al quarteron de este mapa; por cuya razon solo se colocan las Parroquias ó Feligresias, en los parages donde hubo espacio para ello y donde no escribieronse sin razon de preferencia los que pronunciamos con menos letras. Por esta razon omiti en todos los lugares el Santo ó Santa titular de cada Parroquia, como acostumbra los Gallegos, para dar mas lugar á escribir solo los apellidos de los Pueblos, distintivo principal de ellos.»

Ó tempo que escribía, seguramente con algún erro por mor da dificultosa visión do texto, aínda que empregase a lupa, fun tomando nota de varios nomes que me interesaban para localizar despois algún dato máis que me fixese coñecedor da posible veracidade da historia.